PLAN DE PREVENCIÓN E HIXIENE FRONTE Á COVID-19 FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O CURSO 2020-2021

XUÑO 2021

REV 3

Este documento está en revisión permanente en función da evolución dos feitos e da nova información de que se dispoña respecto da enfermidade e das instrucións que se reciban das autoridades competentes.

Este documento substitúe ao Plan de prevención e hixiene da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña para o curso 2020-2021_rev 2.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	1/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

ÍNDICE

1.	**INTRODUCIÓN**	4
2.	**CENTRO**	5
3.	**RESPONSABLE COVID-19**	6
4.	**MEDIDAS PARA DESENVOLVER**	7
4.1	**ANTES DE IR Á FACULTADE**	7
4.2	**ACCESO E DESPRAZAMENTO NO CENTRO**	8
4.2.1	Distancia de Seguridade e uso de Máscaras	8
4.2.2	Entrada e saída	10
4.2.3	Corredores	13
4.2.4	Ascensores	14
4.2.5	Aseos	14
4.2.6	Vestiarios e duchas	14
4.2.7	Máquinas expendedoras	15
4.3	ESPAZOS DE TRABALLO	15
4.3.1	Atención ao publico	15
4.3.2	**Espazos de uso común non docente**	16
4.3.3	**Espazos compartidos por máis dun traballador/a da Facultade**	19
4.3.4	**Aulas**	19
4.3.5	**Instalacións deportivas**	20
4.3.6	**Laboratorios**	22
4.3.7	**Prácticas de campo**	22
4.3.8	**Reunións, titorías, xornadas e congresos, prácticas externas e intercambios**	23
4.3.9	**Bibliotecas**	25
4.3.10	**Cafetaría**	27
4.3.11	**Reprografía**	27
4.4	**LIMPEZA E VENTILACIÓN**	28
4.5	**XESTIÓNS DE CASOS**	29
4.5.1	**Procedemento de actuación**	30
4.5.2	**Limpeza de locais con persoal afectado pola COVID-19**	30
4.5.3	**Xestión de residuos caso COVID-19**	31
4.6	**XESTIÓN DE RESIDUOS NA FACULTADE**	31

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	2/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

5. REFERENCIAS NORMATIVAS E BIBLIOGRÁFICAS 32

6. ANEXOS 34

- **Anexo 1. Sinais de entrada e saída** 34
- **Anexo 2. Circulación e respecta a dirección** 34
- **Anexo 3. Sinais e información para a atención ao publico** 35
- **Anexo 4. Carteis para o uso de aseos** 36
- **Anexo 5. Cartel para o uso dos ascensores** 37
- **Anexo 6. Carteis de información para a entrada do edificio** 37
- **Anexo 7. Carteis de capacidade de edificios e de espazos** 38
- **Anexo 8. Cartel para o uso de xel hidroalcólico** 39
- **Anexo 9. Técnica para unha correcta hixiene de mans** 40
- **Anexo 10. Uso correcto de máscaras e luvas** 41
- **Anexo 11. Lista de comprobación da implementación do protocolo** 45

RESUMO DE REVISIÓNS

NÚMERO	DATA	MOTIVO
01	Setembro 2020	Edición inicial
02	12/05/2021	Actualización de referencias normativas e requisitos aplicables coas: • ORDE do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e súas posteriores modificacións. • DECRETO 77/2021, do 7 de maio, polo que se declara a perda de efectos a partir das 00.00 do 9 de maio de 2021 das medidas adoptadas pola Presidencia da Xunta de Galicia na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. • ORDE do 7 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia tendo en conta a finalización da prórroga do estado de alarma establecida polo Real decreto 956/2020, do 3 de novembro.
03	01/06/2021	ORDE do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	3/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

		consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.

1. INTRODUCIÓN

O SARS-CoV-2 transmítese a través das secrecións de persoas infectadas, principalmente por contacto directo con gotas respiratorias de máis de 5 micras (capaces de se transmitiren a distancias de ata 2 metros) e as mans ou os fómites contaminados con estas secrecións seguido do contacto coa mucosa da boca, nariz ou ollos. O risco de propagación do SARS-CoV-2 aumenta coa maior interacción das persoas e canto maior é o tempo de duración desta sen as adecuadas medidas de prevención.

O **Real decreto-lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria pola COVID-19 é a normativa vixente** na data de realización deste documento, e establece no seu artigo 9 respecto aos centros docentes (incluídos os universitarios) o seguinte:

> En calquera caso, deberá asegurarse a adopción das medidas organizativas que resulten necesarias para **evitar aglomeracións** e **garantir que se manteña unha distancia de seguridade de, polo menos, 1,5 metros**. **Cando non sexa posible manter a dita distancia de seguridade, observaranse as medidas de hixiene adecuadas** para previr os riscos de contaxio.

O **obxecto** deste documento é **determinar as condicións dos lugares de traballo** e das **medidas preventivas e de protección persoal** necesarias fronte á propagación da COVID-19 **para o desenvolvemento das actividades na Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física** de cara ao inicio do curso académico 2020/2021, **de acordo coas recomendacións das autoridades no momento da súa redacción**:

- ✓ Instrucións do 30 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades de previsión de medidas de adaptación das universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2020/2021
- ✓ Recomendacións do Ministerio de Universidades á Comunidade Universitaria para adaptar o curso universitario 2020-2021 a unha presencialidade adaptada e medidas de actuación das Universidades ante un caso sospeitoso ou un positivo de COVID-19, e as súas modificacións.

O inicio do curso universitario 2020/2021 prevé un escenario de seguridade adaptada que, segundo como se evolucione na nova normalidade, poderemos atoparnos con tres posibles escenarios:

- ✓ Escenario 1: NORMALIDADE ADAPTADA
- ✓ Escenario 2: DISTANCIAMENTO
- ✓ Escenario 3: PECHE DE INSTALACIÓNS

Cada escenario activarase en función das normas para previr o contaxio da COVID-19 que se adopten polas autoridades estatais ou autonómicas competentes na materia.

O paso do escenario 1 (normalidade adaptada) ao escenario 2 (distanciamento) ou 3 (peche das instalacións) dependerá de se temos no centro algún caso detectado de COVID-19 que sexa controlable ou casos sen control da trazabilidade da enfermidade segundo indiquen as autoridades pertinentes.

Este documento está en revisión permanente en función da información emitida polos organismos competentes e formúlase atendendo aos seguintes principios:

- ✓ Respecto ao carácter presencial da docencia na Universidade da Coruña.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	4/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- ✓ A flexibilidade, necesaria para a adaptación da actividade universitaria aos diferentes escenarios, buscando fórmulas suficientemente flexibles para atender ás diferenzas entre as titulacións que se imparten.
- ✓ A responsabilidade de todos os axentes que conforman a comunidade universitaria, tanto a nivel colectivo como a nivel individual.

Este documento será accesible a toda a comunidade universitaria coa indicación expresa da necesidade de respectalo e das posibles consecuencias de non se ater ás medidas que contén segundo o apartado 2.4 da Instrución do 30 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades de previsión de medidas de adaptación das universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2020/2021.

2. CENTRO

Denominación:	Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física
Enderezo:	Avda. Che Guevara, 121, Bastiagueiro
Localidade:	Oleiros
Provincia:	A Coruña
Código postal:	15179
Teléfono:	981 167 000
Enderezo electrónico:	inef@udc.es

Edificios e capacidades que constitúen a infraestrutura da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física

Capacidade máxima do DECANATO E DESPACHOS

Superficie	798m^2
Por superficie:	79
Por uso:	
COVID-19 (75%)	59
COVID-19 (asignado Facultade)	59

Capacidade máxima do CENTRO GALEGO DE CIENCIAS DO DEPORTE

Superficie	**713,98**
Por superficie:	**71**
Por uso:	
COVID-19 (75%)	**53**
COVID-19 (asignado Facultade)	**53**

Capacidade máxima do edificio de USOS MÚLTIPLES

Superficie	**3750**
Por superficie:	
Por uso:	**1415**

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	5/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

COVID-19 (50%)	**707**
COVID-19 (asignado Facultade)	**431**

Capacidade máxima do edificio de PAVILLÓNS (comprende Piscina, Tatami e Sala de Expresión Corporal, Pavillón I e Pavillón II)

Superficie	**5236**
Por superficie:	
Por uso:	**837**
COVID-19 (50%)	**418**
COVID-19 (asignado Facultade)	**172**

Capacidade máxima do ESTADIO (Inclúe pistas e módulo cuberto)

Superficie	**20316**
Por superficie:	
Por uso:	**1015**
COVID-19 (50%)	**507**
COVID-19 (asignado Facultade)	**110**

Capacidade máxima do CAMPO HERBA ARTIFICIAL

Superficie	**6278**
Por superficie:	
Por uso:	**313**
COVID-19 (50%)	**156**
COVID-19 (asignado Facultade)	**156**

3. RESPONSABLE COVID-19

Na Universidade da Coruña o máximo responsable é o **REITOR**. que xunto co equipo de goberno realizará a xestión da COVID-19.

O reitor, co apoio do equipo de goberno, será o responsable de todas as actuacións que se desenvolverán tanto sanitarias como docentes na UDC.

O responsable da COVID nos edificios da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física e o Coordinador de Instalacións, Formación e Relacións coa Sociedade que, entre outras funcións, será a canle de comunicación do centro co reitor e co equipo de goberno da Universidade da Coruña ante calquera tramite de urxencia que puidese acaecer por mor da COVID-19 e o responsable de adoptar as medidas oportunas no centro ante a aparición dun posible positivo, así como de organizar os recursos humanos e materiais para o desenvolvemento da actividade dentro de parámetros de normalidade no seu centro

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	6/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

Para os temas preventivos e sanitarios contarase co asesoramento do Servizo de Prevención de Riscos Laborais.

Para o caso de declaración dun gromo seguirase este documento e o procedemento de actuación do documento de Boas prácticas nos centros de traballo para a prevención de contaxios da COVID-19 e a Resolución reitoral sobre medidas e liñas de actuación en materia de prevención de riscos laborais fronte ao COVID-19 e a reincorporación presencial do persoal, e súas posteriores revisións.

4. MEDIDAS PARA DESENVOLVER

Sen prexuízo do cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais e da normativa laboral, a persoa responsable da Facultade adoptara as accións necesarias para cumprir as medidas de hixiene e prevención para o persoal traballador.

O centro **facilitará información e formación á comunidade universitaria** sobre as medidas de prevención (hixiene de mans, distancia interpersoal de polo menos 1,5 metros, obrigatoriedade e uso correcto de máscara, hixiene respiratoria etc.) a través da páxina web da Facultade, listados de mail, taboleiros e das súas redes sociais (véxanse os carteis informativos nos anexo deste documento).

Como puntos xerais importantes respecto á COVID-19:

- ✓ Existirá **cartelería e sinalización** naqueles lugares en que sexa necesario para o cumprimento das medidas de prevención.
- ✓ Asegurarase a **subministración de material de uso hixiénico-preventivo** mentres funcione o centro e repoñerase cando sexa necesario.
- ✓ Proverase ao persoal do equipo de protección persoal adecuado para a realización das súas funcións.
- ✓ Todas as persoas que integran a comunidade universitaria deberán adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos (Deber de cautela e protección).
- ✓ Deberá cumprirse a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal establecida polo Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuada e etiqueta respiratoria.

4.1 ANTES DE IR Á FACULTADE

Calquera membro da comunidade universitaria (PAS, PDI, investigador/a ou estudante) deberá ter en conta as seguintes recomendacións:

- Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles con COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos, deberá **NON ACUDIR AO CENTRO,** permanecer no seu domicilio e contactar co teléfono 900 400 116 o co seu centro de saúde para que lle indiquen como actuar o máis axiña posible. Nesta ligazón pode atopar o decálogo de como actuar no caso de ter síntomas de padecer a COVID-19.
- Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar unha habitación de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	7/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- Se estiveches en contacto estreito cun caso sospeitoso ou probable (convivente, familiares ou persoas que estivesen no mesmo lugar que un caso mentres este presentaba síntomas a unha distancia menor de 1,5 metros durante un tempo de polo menos 15 minutos) ou compartiches espazo sen gardar a distancia interpersoal cun caso confirmado (persoa afectada pola COVID-19), deberás seguir as condicións de illamento ou corentena que che indiquen desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poderen abandonar o teu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas. Tampouco debes acudir ao teu centro de traballo ou de estudo, incluso en ausencia de síntomas, polo período que establezan as autoridades sanitarias. Durante ese tempo debes realizar un seguimento por se aparecesen síntomas desta enfermidade.
- As **persoas vulnerables á COVID-19** (por exemplo, persoas con hipertensión arterial, enfermidades cardiovasculares, diabetes, doenzas pulmonares crónicas, cancro ou inmunodepresión) **PODERÁN VOLVER AO TRABALLO, SEMPRE QUE A SÚA CONDICIÓN CLÍNICA ESTEA CONTROLADA E O PERMITA**, e **mantendo as medidas de protección de forma rigorosa**.

IMPORTANTE: **COMUNICA DE FORMA URXENTE AO TEU RESPONSABLE, TITOR/A, XEFE/A ETC. A SITUACIÓN NA QUE TE ATOPAS** co fin de realizar unha avaliación de posibles contactos no centro e adoptar as medidas de protección adecuadas de ser o caso.

4.2 ACCESO E DESPRAZAMENTO NO CENTRO

Ao centro **poden acceder os membros da comunidade universitaria** (persoas de administración e servizos do centro, profesorado, alumnado). Tamén **se permitirá o acceso de acompañantes para aquelas persoas que o necesiten** que deben cumprir as normas de prevención xerais, mantendo a distancia física respecto ao resto de persoas. No acceso aos diferentes espazos atenderase sempre a os lugares indicados como de acceso e no sentido de circulación establecido.

Débese prestar especial atención ao **alumnado con diversidade funcional ou necesidades específicas de apoio educativo**, xa que poden necesitar certas adaptacións, como acompañantes de apoio e medios materiais, ou axudas técnicas, que se facilitarán cos criterios de prevención que se establecen neste documento.

As persoas alleas á comunidade universitaria deberán informar do seu acceso ao persoal de conserxaría co fin de que lles dean as instrucións necesarias, de ser o caso.

4.2.1 Distancia de Seguridade e uso de Máscaras

O uso da máscara hixiénica (recoméndase que sexa reutilizable co fin de protexer o medio ambiente) **será obrigatoria a todas as persoas que accedan ao centro**, seguindo as recomendacións da autoridade sanitaria e a normativa vixente, e insistindo na súa correcta utilización **tanto nos espazos ao aire libre da facultade, coma nos espazos pechados ou abertos ao público, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros**. De igual xeito, será obrigatoria nos medios de transporte concertados para o desprazamento nas saídas de campo ou visitas levadas a cabo desde calquera das actividades organizadas desde a Facultade Esta información estará visible nun cartel na zona de entrada ao edificio.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	8/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

Deberá darse un uso axeitado á máscara, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

Ademais, a máscara que se debe empregar non deberá estar provista de válvula exhalatoria, agás nos usos profesionais para os cales este tipo de máscara poida estar recomendada.

A obriga de uso de máscara non será aplicable nos seguintes supostos:

- Persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso de máscara.
- Persoas en que o uso de máscara resulte contraindicado por motivos de saúde debidamente xustificados.
- Persoas en situación de discapacidade ou dependencia que non dispoñan de autonomía para quitar a máscara.
- Persoas que presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
- Desenvolvemento de actividades nas que, pola propia natureza destas, resulte incompatible o uso da máscara.
- Nos vehículos de turismo, cando todas as persoas ocupantes convivan no mesmo domicilio.
- No caso do exercicio de deporte individual en espazos ao aire libre, exclusivamente durante a realización da práctica deportiva, sempre que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o mantemento, en todo momento, da distancia de 1,5 metros con outras persoas ou deportistas non conviventes. Non obstante, debera usarse a máscara na práctica do deporte nas vías públicas, como rúas, avenidas, paseos, prazas e camiños de tránsito público, ou outros lugares que sexan lugar de circulación habitual de viandantes e polos que circulen de feito nese momento.
- Na práctica de deporte no medio acuático, sempre que se poida garantir o respecto da distancia de seguridade interpersoal entre todas as persoas usuarias non conviventes. En calquera caso, será obrigatorio o uso de máscara para os accesos, desprazamentos na piscina, así como para o uso de vestiarios de piscinas, salvo nas duchas.
- As actividades de socorrismo e rescate cando requiran acceder ao medio acuático serán incompatibles co uso de máscara.
- Seralles de aplicación o establecido no parágrafo anterior ás actividades que supoñan un esforzo físico de carácter non deportivo equiparable a este, ao aire libre e de forma individual.
- No caso particular de consumo de tabaco ou de cigarros electrónicos, ou alimentos e bebidas, na vía pública ou en espazos ao aire libre, só se poderá exceptuar a obriga de uso de máscara, e exclusivamente durante o indicado consumo, sempre que a persoa o efectúe parada e fóra dos lugares habituais de circulación dos viandantes, de tal xeito que, tendo en conta a posible concorrencia de persoas e as dimensións do lugar, poida garantirse o

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	9/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

mantemento, en todo momento, da distancia de dous metros con outras persoas.

Tampouco será obrigatorio aínda que si recomendable o uso de máscara en locais de uso individual e sen presenza doutras persoas.

A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións, axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados.

Nas portas principais existirá un cubo de lixo, con tapa e a poder ser accionado con pedal, para poder tirar os refugallos da etiqueta respiratoria (máscaras e luvas).

Na zona próxima aos accesos existirá un dispensador de xel hidroalcólico para a desinfección de mans. Será visible e estará sinalizado. Comprobarase e reporase ao longo da xornada no caso de esgotarse.

Recoméndase que todo o persoal que acceda ao centro use o xel hidroalcólico ou lave as mans con auga e xabón durante 40-60 segundos.

4.2.2 Entrada, saída e permanencia no centro

A través da distribución horaria e a asignación de instalacións, garantiuse por un lado a entrada e saída de xeito graduado á Facultade e por outro, que en ningún momento houbera máis de 260 estudantes no centro, nin máis de 180 no edificio de aulas co gallo de facilitar o mantemento da distancia interpersoal, tanto na estadía, como nos desprazamentos polas instalacións.

No acceso ás diferentes instalacións da Facultade existirá un cartel informativo que indicará a capacidade máxima do edificio e a capacidade máxima COVID en función da normativa.

As entradas e saídas están diferenciadas e rotuladas cos sinais de entrada ou saída nun lugar visible.

O acceso ao **edificio do pazo** só poderá realizarse pola porta principal, sito na frontal do edificio da súa cara sur, e a **saída** pola porta da praza da fonte fronte a edificio de aulas. Nos casos que sexa posible, os profesores que dispoñan de portas de acceso directo dende o exterior aos seus despachos no pazo poderán acceder tamén por elas.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	10/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		



O acceso e saída dos espazos de laboratorios realizarase pola porta que da á praza da Facultade, considerando ademais o escalonamento para manter a distancia interpersoal pola súa confluencia coa saída dos espazos de decanato, departamento e despachos de profesorado.



O acceso ao edificio de aulas realizarase atendendo aos diferentes andares:

- Dada a estratexia de escalonamento nos horarios e a baixa ocupación deste edificio, o acceso e a saída dos diferentes espazos nos andares 0, 1 e 2, realizaranse pola porta principal do edificio no andar 0, respectándose os carreiros e sentidos de circulación indicados.

O acceso e a saída ao edificio de usos múltiples realizarase pola porta auxiliar frontal este do edificio. De igual xeito establécese unha normativa de circulación que evitará a aglomeración tanto neste espazo, como especificamente no pavillón de usos múltiples.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	11/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		



O acceso á piscina será pola porta principal de entrada a pavillóns, e de seguido pola de acceso aos vestiarios da piscina; a saída será pola porta de servizo da piscina que da á praza central da Facultade.

O acceso ao pavillón I, vestiarios e aula asociada farase pola porta de emerxencias I deste pavillón e a saída será pola porta de emerxencia II de dito pavillón.

O acceso ao pavillón II, vestiarios e aula asociada terá lugar pola porta de emerxencias deste pavillón atendendo á normativa de circulación do mesmo recollido no protocolo específico, evitando aglomeracións tanto ao acceso como á saída.

O acceso ao tatami, aula de expresión corporal e aula e vestiarios asociados realizarase pola porta principal de acceso a pavillóns e a saída será pola mesma porta atendendo ao sentido de circulación marcado con sinales no chan e paredes.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	12/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		



A entrada e saída da aula de forza realizaranse pola porta principal como única vía posible, polo que se recorrerá a unha estratexia de escalonamento para garantir a distancia interpersoal.

O acceso ao módulo cuberto do estadio será pola segunda porta (porta de entrada ao módulo de prácticas), e a saída pola terceira porta (inmediata ao módulo de prácticas).

Como norma xeral, as entradas e saídas a cada un dos edificios indicados deberan ser ordenadas e coa distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros. Para evitar aglomeracións na entrada e saída do centro flexibilizarase o horario de acceso e saída en 15 minutos.

4.2.3 Corredores

Co fin de garantir a separación de 1,5 metros nos desprazamentos polo centro colocouse sinalización horizontal indicando as direccións de circulación.

Nos corredores, escaleiras, etc. de máis de 1,5 metros de ancho o sentido da circulación é dobre coa característica de que sempre se circulará o máis preto da dereita. Nos corredores ou escaleiras cun ancho inferior a 1,5 metros o sentido da circulación é único e crearanse circuítos para o acceso e abandono das zonas.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	13/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

Existen tamén sinais coa indicación de manter a distancia de seguridade e que se respecte o sentido en todos os corredores.

En todos os corredores existira xel hidroalcólico para a hixiene e desinfección das mans.

4.2.4 Ascensores

Os ascensores terán unha sinalización que indique que:

- Uso non recomendado. Só en caso necesario.
- Prioridade absoluta de uso a persoas con mobilidade reducida e embarazadas
- Ocupación máxima dunha persoa, salvo que sexa posible garantir a separación de polo menos 1,5 metros entre elas, ou naqueles casos de persoas que poidan precisar asistencia, caso no que tamén se permitirá a utilización polo seu/súa acompañante.

4.2.5 Aseos

Os aseos de menos de 4 m^2 só serán utilizados por unha soa persoa, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia; nese caso tamén se permitirá a utilización por parte do seu acompañante. Cando a súa superficie sexa maior a 4 m^2, a súa ocupación máxima non será maior do 50 % do número de cabinas ou urinarios que teña a estancia, e deberá manterse durante o seu uso a distancia de seguridade interpersoal. Deberá reforzarse a limpeza e desinfección dos referidos espazos garantindo sempre o seu estado de salubridade e hixiene. Nas portas dos aseos colocouse información de interese para o seu uso correcto:

- Uso recomendado individual.
- Indicación de en uso ou baleiro.
- Mantén as fiestras pechadas.
- Antes da descarga da cisterna baixa a tapa para evitar a posible xeración de aerosois que poidan conter o virus.

Tense a disposición en cada aseo de carteis informativos sobre como lavar as mans de forma correcta.

Os aseos dispoñen de auga, xabón e papel para o secado de mans. Naqueles aseos que existen secadores de mans estarán fóra de uso para evitar a posible transmisión do virus nos aerosois xerados co uso.

Disporase de papeleiras para depositar panos e calquera outro material desbotable, que se deberán limpar de forma frecuente, e, polo menos, unha vez ao día (segundo utilización).

4.2.6 Vestiarios e duchas

Na actualidade non se poden usar os vestuiarios e duchas, advertíndose con cartelería explicita nos seus accesos: “NON USAR COVID 19”.

En todo momento débese manter a distancia de seguridade de 1,5 metros entre os usuarios dos vestiarios e duchas, para evitar, na medida do posible, a coincidencia de persoas, especialmente cando se produzan cambios de quenda.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	14/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

Os vestiarios e zonas de ducha poderán usarse cunha ocupación de ata o 30 % da capacidade máxima permitida, e procederase á limpeza e desinfección despois de cada uso e ao final da xornada.

4.2.7 Máquinas expendedoras

O seu uso está autorizado. Seguiranse as seguintes recomendacións:

- Uso individual.
- Sinalizarase no chan a distancia de seguridade.
- Evitaranse as aglomeracións diante das máquinas.
- Para accionar os botóns recoméndase utilizar un obxecto ou o uso da man non dominante.
- Ao remate do seu uso, as persoas usuarias lavaran as mans con auga e xabón ou utilizarán xel hidroalcólico.
- O titular das máquinas asegurará o cumprimento das medidas de hixiene e desinfección adecuadas destas, así como informar os usuarios do seu correcto uso mediante a instalación de cartelaría informativa.
- Deberase dispor de papeleiras onde poder depositar panos e calquera outro material desbotable. As ditas papeleiras deberanse limpar de forma frecuente e, polo menos, unha vez ao día.

4.3 ESPAZOS DE TRABALLO

4.3.1 Atención ao publico

As zonas de atención ao público existentes na Facultade son:

- Conserxarías: Edificio de aulas, Edificio de Pavillóns, Estadio
- Secretaría de Decanato e Departamento
- Administración Académica
- Servizos: Cafeterías e Reprografía
- Despachos

Nestes lugares a distancia entre o persoal da Facultade e o público durante todo o proceso de atención será de polo menos un metro cando se conte con elementos de protección ou barreira (por exemplo, biombos ou separadores), ou polo menos 1,5 metros sen estes elementos. Colocáronse biombos nos postos onde non se puído garantir a distancia de seguridade de 1,5 metros.

A Facultade ten instalados en lugares visibles carteis informativos acerca do "distanciamento interpersoal" e de "por favor, espere aquí" para regular a espera nos espazos de atención ao público.

A atención presencial ao público reducirase a servizos que sexan imprescindibles, primaran os envíos por correo, mensaxes, o contacto telefónico

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	15/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

e en liña, fomentando as xestións telemáticas. Recoméndase para á atención presencial que se realice con cita previa.

A conserxaría dispón de máscaras protección para os usuarios que o precisen no caso de rotura, esquecemento etc., e na súa proximidade un cubo de lixo, con tapa e a ser posible o seu manexo con pedal.

Nas conserxarías no caso de aparición dun posible caso COVID contarán cun termómetro dixital infravermello para a toma da temperatura á persoa e de máscaras cirúrxicas para subministrar ao posible caso e máscaras FFP2 ou NK95 sen válvula de exhalación para a persoa do centro que a acompañe ata o local de corentena mentres os servizos sanitarios non indican como proceder. Ditos espazos atópanse localizados e sinalizados como tales na Aula de Pavillón de Usos Múltiples, e na Aula 13 do Pavillón I.

4.3.2 Espazos de uso común non docente

Considéranse espazos destas características, os salóns de actos e as salas de reunións, principalmente.

Todos os espazos de uso común contan cunha sinalización na entrada que indica a súa capacidade máxima COVID, así como indicacións de que asentos poden ser ocupados e que asentos deben quedar baleiros co fin de garantir a distancia de seguridade.

Na Facultade os locais que se consideran de uso común son o Salón de Actos, o Salón de Grao, a Sala de Reunión do Pazo; e, cando proceda, as aulas de desenvolvemento de reunións por mor dos Consellos de Departamento e Xuntas de Centro.

O uso destes locais realizarase con reserva previa e garantindo:

- A non superación da capacidade máxima COVID
- O cumprimento da separación entre as persoas asistentes
- A ventilación antes e despois do seu uso
- A limpeza e desinfección antes e despois do seu uso
- A existencia de xel hidroalcólico na zona

Segundo a Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, **a realización de actos e reunións laborais, institucionais, académicos, profesionais, sindicais, de representación de traballadores e administrativos, actividades en centros universitarios, educativos, de formación e ocupacional** poderanse realizar sempre que se adopten as medidas previstas nos correspondentes protocolos de funcionamento, ben que se recomenda que se realicen de forma telemática sempre que sexa posible.

Nos concellos enumerados nas letras A e B do anexo II da presente orde, a realización dos citados actos non se poderá superar o 50 % da capacidade autorizada do local. En calquera caso, deberase respectar un máximo de 75 persoas para lugares pechados e de 150 persoas se se trata de actividades ao aire libre.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	16/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

Nos concellos enumerados nas letras C e D do anexo II da presente orde (A Coruña, Oleiros, Ferrol...), nas ditas actividades non se poderá superar o 75 % da capacidade autorizada do local e, en todo caso, deberá respectar un máximo de 150 persoas para lugares pechados e de 300 persoas se se trata de actividades ao aire libre

Non obstante, poderase ampliar o límite indicado logo de autorización da Dirección Xeral de Saúde Pública, atendendo ás concretas medidas organizativas e de seguridade propostas e aos riscos de contaxio. Neste caso, por solicitude dos titulares, promotores ou organizadores das actividades, públicos ou privados, deberá ir acompañada dun plan de prevención de contaxios de acordo cos criterios sinalados no documento de recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade pola COVID-19 en España,elaborado polo Centro de Coordinación de Alertas e Emerxencias Sanitarias da Dirección Xeral de Saúde Pública, Calidade e Innovación, do Ministerio de Sanidade, ou aqueloutros que o desenvolvan, modifiquen ou substitúan.

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polas butacas e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersoal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias.

Nas butacas ou asentos preasignados, as persoas asistentes non poderán quitar a máscara.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de celebración de congresos, encontros, eventos e actos similares, se os asistentes non permanecen sentados en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio.

En todo caso, nas actividades a que se refire o presente punto nas cales se pretenda superar as capacidades máximas previstas conforme a cada nivel de restricións, a Dirección Xeral de Saúde Pública, logo de solicitude dos titulares ou promotores da actividade, disporá a realización dunha avaliación do risco para outorgar a autorización de acordo co disposto nas «Recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España», acordado na Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. O prazo para realizar a avaliación do risco será de 10 días, sen prexuízo dunha revisión de oficio posterior, se a situación epidemiolóxica así o exixe.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	17/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

Na celebración de competicións deportivas con público, actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderá desenvolverse, sen superar o trinta por cento da capacidade permitida, con público, sempre que este permaneza sentado e que a capacidade se calcule, dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes, cun límite máximo de duascentas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas, se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, nos concellos enumerados na letra D do anexo II (A Coruña, Oleiros, Ferrol…), o límite máximo poderá chegar ás cincocentas persoas para lugares pechados e ás mil persoas se se trata de actividades ao aire libre, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida.».

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polas butacas e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersoal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias.

Nas butacas ou asentos preasignados, as persoas asistentes non poderán quitar a máscara.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de celebración de congresos, encontros, eventos e actos similares, se os asistentes non permanecen sentados en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio.

- En todo caso, nas actividades a que se refire o presente punto nas cales se pretenda superar as capacidades máximas previstas conforme a cada nivel de restricións, a Dirección Xeral de Saúde Pública, logo de solicitude dos titulares ou promotores da actividade, disporá a realización dunha avaliación do risco para outorgar a autorización de acordo co disposto nas «Recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España», acordado na Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. O prazo para realizar a avaliación do risco será de 10 días, sen prexuízo dunha revisión de oficio posterior, se a situación epidemiolóxica así o exixe.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	18/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

4.3.3 Espazos compartidos por máis dun traballador/a da Facultade

Considéranse espazos compartidos por máis dun traballador/a os seguintes:

- Despachos e locais usados por máis dun traballador á vez.
- Locais usados por máis dun traballador/a en distintos horarios (quendas).

En todos os locais de uso compartido garantirase que a separación entre as persoas sentadas nos seus postos sexa de 1,5 metros. No caso de que non exista esa separación, reorganizarase o espazo e instalaranse anteparos que aseguren esa separación.

Nos locais o postos utilizados en quendas por distintos traballadores garantirase unha limpeza e desinfección entre o uso dunha e doutra persoa.

No caso de que se compartan elementos (teléfono, ordenador etc.) contarase cun pequeno equipo para a desinfección deses obxectos.

No acceso, a circulación etc., por estes locais será obrigatorio o uso da máscara e aínda que se garanta a separación entre persoas de 1,5 metros, só se poderá estar sen ela cando se estea en locais de uso individual e sen presenza doutras persoas ou nos puntos indicados no apartado 4.2.1.

4.3.4 Aulas

Na porta de acceso ás aulas colocarase un cartel coa indicación da súa capacidade máxima tendo en conta a separación de 1,5 metros entre os ocupantes.

Será obrigatorio o uso de máscara para todo o profesorado e alumnado sempre salvo as persoas con exclusións indicadas no apartado 4.2.1. que o acrediten cando se lles solicite. Esta obrigatoriedade estará sinalizada por medio dun cartel na porta da aula.

Na porta da aula indicarase a forma de acceder e saír da aula, os lugares que poden ser ocupados polo alumnado garantindo a separación de 1,5 metros, así como a orde de ocupación. Para iso cada posto dos/das estudantes estará numerado e asignado persoalmente para todo o curso académico 2020/2021 ao efecto de facilitar as medidas de rastrexo.

Ao acceder ou abandonar as aulas, haberá que lavar as mans con auga e xabón como mínimo durante 40-60 segundos ou utilizar xel hidroalcólico.

Non se compartirán obxectos persoais nin bolígrafos, lapis, papel, calculadoras etc.

A indumentaria bolsos, mochilas etc. colocaranse debaixo da cadeira.

Recoméndase que o alumnado ocupe as aulas polo maior espazo de tempo e que sexan os docentes os que cambien de aulas. Garantirase que os docentes teñan á súa disposición material para a desinfección dos materiais compartidos nas aulas.

Recoméndase que o profesorado ao entrar na aula, ventile, se é posible, abrindo as ventás durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire (mínimo durante 10-15 minutos ao inicio e ao final da xornada e sempre que sexa posible entre clases). Evitaranse as correntes de aire.

Restrinxiranse as saídas e entradas das aulas ás imprescindibles e por quendas.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	19/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

Para evitar aglomeracións recomendase graduar o acceso e as saídas, tanto do edificio como das aulas.

4.3.5 Instalacións deportivas

Como nos casos anteriores, as instalación deportivas contarán coa sinalización relativa á súa capacidade máxima, ao mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros, o uso obrigatorio de máscara e limpeza de mans de forma habitual, polo menos, á entrada e á saída das instalación con auga e xabón durante 40-60 segundos ou con xel hidroalcólico.

Restrinxiranse as saídas e entradas ás imprescindibles e por quendas. Para evitar aglomeracións adoptaranse medidas organizativas; recoméndase graduar o acceso e saídas dos laboratorios e talleres.

Nas prácticas nas que non se poida evitar o contacto físico entre os estudantes ou entre os estudantes e o profesor ou profesora, sempre que a actividade o permita, utilizarase obrigatoriamente a máscara. Por exemplo algunhas prácticas en Fisioterapia, Ciencias do Deporte e da Educación Física, Enfermaría e Podoloxía, Terapia Ocupacional etc., realizadas entre dous alumnos ou alumnas, con contacto físico e polo tanto sen posibilidade de gardar a distancia de seguridade, segundo os requirimentos da práctica, poderanse dar as seguintes situacións:

- Só un dos estudantes pode levar máscara, esta ten que ser FFP2. sen válvula
- Os dous estudantes poden levar máscara, estas poden ser hixiénicas aínda que pola proximidade recoméndanse cirúrxicas.

Os estudantes procuraran non tocar a cara durante a realización da práctica e se extremara a hixiene persoal sobre todo das mans antes e ao finalizar a mesma.

Nestes casos nos que a natureza da práctica non permita respectar a distancia interpersoal nin o uso de equipos de protección adecuados ao nivel de risco, como nos casos anteriores, atenderase a medidas de seguridade deseñadas para cada caso particular a partir das recomendacións das autoridades sanitarias.

A realización da actividade física e deportiva non federada axustarase ás seguintes regras, en función dos datos epidemiolóxicos existentes nos correspondentes concellos:

a) Nos concellos enumerados na letra A do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada só poderá realizarse ao aire libre ou en instalacións deportivas ao aire libre, de forma individual ou con persoas conviventes, e coa utilización de máscara de acordo co disposto no punto 1.3 do anexo do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020.

b) Nos concellos enumerados nas letras B e C do anexo II da presente orde, a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 4.2.1. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de 10 persoas de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

   Nas instalacións e centros deportivos pechados poderase realizar actividade deportiva en grupos de ata 6 persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o trinta por

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	20/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 30 %.

c) Nos concellos enumerados na letra D do anexo II (na actualidade A Coruña, Oleiros, Ferrol…), a práctica da actividade física e deportiva non federada, ao aire libre, poderá realizarse de forma individual ou colectiva, sen contacto físico e coa utilización de máscara, de acordo co disposto no punto 4.2.1. No caso da práctica de forma colectiva, o máximo será de 10 persoas de forma simultánea, sexan ou non conviventes, sen contar, de ser o caso, o monitor.

No caso da práctica da actividade física e deportiva non federada nas instalacións e centros deportivos pechados poderase realizar en grupos de ata 6 persoas, sexan ou non conviventes, e sen contar o monitor, sen contacto físico, coa utilización de máscara e sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida. Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade.

Tamén se permite o uso deportivo das piscinas ao aire libre ou cubertas, cunha ocupación máxima do 50 %.

En relación as actividades relacionadas coas actividades físico-deportivas, xa sexan de carácter interno ou de carácter externo á facultade estarán suxeitas ao presente protocolo de instalacións, e outros específicos elaborados ao efecto sobre o tipo de actividade de que se trate de cara a intervención docente ou deportiva. Asemade respectarán as normas de acceso e saída, distancia interpersoal, hixiene, obrigatoriedade da máscara, así como as modificacións necesarias nas prácticas para garantir a seguridade fronte ao contaxio da COVID-19.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas das instalacións deportivas por espazo de polo menos 30 minutos ao inicio e final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada clase ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non poderá empregarse a función de recirculación do aire interior.

Recoméndase que nas actividades tipo tatamí ou ioga se delimite o espazo por persoa, mediante algún tipo de separación que permita aos usuarios gardar a distancia de seguridade en calquera momento. Por exemplo, poderíanse utilizar adhesivos pegados no chan de 2x1.5 m2 cun espazo de 1 m entre as cuadriculas.

Os estudantes procuraran non tocar a cara durante a realización da práctica e se extremará a hixiene persoal sobre todo o lavado das mans antes e ao finalizar a mesma. Nos casos nos que a natureza da práctica non permita respectar a distancia interpersoal nin o uso de equipos de protección adecuados ao nivel de risco, atenderase a medidas de seguridade deseñadas para cada caso particular a partir das recomendacións das autoridades sanitarias.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	21/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

A práctica da actividade deportiva federada de ámbito autonómico, adestramentos e competicións, axustarase aos correspondentes protocolos Fisicovid-Dxtgalego aprobados.

4.3.6 Laboratorios

O acceso aos locais contará coa sinalización relativa á súa capacidade máxima, ao mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros, ao uso obrigatorio de máscara e mais á limpeza de mans de forma habitual e, polo menos, á entrada e á saída do local con auga e xabón durante 40-60 segundos ou con xel hidroalcólico.

Evitarase que o número de estudantes no laboratorio supere a súa capacidade máxima tendo en conta a separación de 1,5 metros entre os ocupantes. Aínda que se poida garantir a distancia mínima de seguridade, estableceranse medidas organizativas para que se poidan levar a cabo as prácticas, tales como a instalación de proteccións colectivas e obrigado do uso de protección individual como máscara, por parte do profesorado e do alumnado.

Aínda que se garanta a distancia mínima de 1,5 metros entre os postos do alumnado no laboratorio, será obrigatorio o uso de máscara para todo o profesorado e alumnado ao entrar, saír, permanencia no mesmo ou desprazarse polo laboratorio.

Aplicaranse as indicacións dos parágrafos anteriores sen esquecer os equipos de protección individual (EPI) necesarios para a realización das prácticas segundo o risco ao que se estea exposto en cada momento.

O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersoal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias.

O material compartido desinfectarase ao rematar o seu uso por cada alumno/a e antes de ser utilizado por outro alumno/a.

Nas prácticas en que non se poida evitar o contacto físico entre os estudantes ou entre os estudantes e o profesor ou profesora utilizarase obrigatoriamente a máscara.

Nos casos en que a natureza da práctica non permita respectar a distancia interpersoal nin o uso de equipos de protección adecuados ao nivel de risco, atenderase a medidas de seguridade deseñadas para cada caso particular a partir das recomendacións das autoridades sanitarias.

Recoméndase ao profesorado que ao entrar no laboratorio ou taller, ventile, se é posible, abrindo as ventás durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire (mínimo durante 10-15 minutos ao inicio e ao final da xornada e sempre que sexa posible entre clases). Evitaranse as correntes de aire.

Restrinxiranse as saídas e entradas ás imprescindibles por quendas. Para evitar aglomeracións adoptaranse medidas organizativas; recoméndase graduar o acceso e saídas dos laboratorios e instalación de prácticas.

4.3.7 Prácticas de campo

Con antelación ao inicio da práctica, o docente informará ao alumnado das instrucións de seguridade COVID, indicando entre outras as seguintes:

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	22/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- Respectar a distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros sempre que sexa posible e utilizar máscara.
- Todos os participantes levarán unha máscara de reposto para o uso no caso de rotura, estrago o perda.
- Todos os participantes levarán xel hidroalcólico para a limpeza e desinfección de mans.

En canto á utilización de autobuses ou vehículos para a realización das prácticas de campo, respectárense as instrucións do condutor así como as seguintes indicacións:

- Uso obrigatorio de máscara para as persoas usuarias e para o condutor.
- No interior dos vehículos, procurarase non sacar o móbil ou calquera outro obxecto innecesario para evitar contaminalo.
- Procurar tocar o menos posible as portas, as xanelas, os asentos etc.
- Ao principio e ao final da viaxe, lavar as mans con auga e xabón ou xel hidroalcólico tan pronto como poidamos.

4.3.8 Reunións, titorías, xornadas e congresos, prácticas externas e intercambios

As reunións realizaranse preferentemente mediante métodos non presenciais sempre que sexa posible. No caso de non selo, gardaranse estritamente as medidas de prevención e utilizarase máscara durante a reunión.

Nas titorías evitarase na medida do posible a afluencia de estudantes nas salas ou despachos de pequeno volume. Recoméndase, na medida do posible, a atención ao alumnado mediante ferramentas informáticas e internet, co fin de evitar a atención directa no despacho.

A realización de congresos, encontros, conferencias e demais eventos no ámbito da investigación científica e técnica, o desenvolvemento e a innovación, realizaranse segundo a lexislación vixente.

De acordo co disposto no anexo da Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade e as súas modificacións, permitirase a realización de congresos, conferencias, encontros e actos similares sen superar a capacidade e límites máximos permitidos pola normativa vixente no momento da súa realización.

Segundo a Orde do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia, na celebración de actividades en cines, teatros, auditorios, congresos e outros eventos e espazos similares, así como en recintos ao aire libre e noutros locais e establecementos destinados a espectáculos públicos e actividades recreativas, poderá desenvolverse, sen superar o trinta por cento da capacidade permitida, con público, sempre que este permaneza sentado e que a capacidade se calcule,

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	23/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

dentro da capacidade permitida, de forma que se garde sempre a distancia mínima de seguridade de 1,5 m nas catro direccións entre os asistentes, salvo que se trate de persoas conviventes, cun límite máximo de duascentas cincuenta persoas para lugares pechados e de cincocentas persoas, se se trata de actividades ao aire libre.

Non obstante, nos concellos enumerados na letra D do anexo II (A Coruña, Oleiros, Ferrol…), o límite máximo poderá chegar ás cincocentas persoas para lugares pechados e ás mil persoas se se trata de actividades ao aire libre, sen superar o cincuenta por cento da capacidade permitida.».

Co fin de evitar aglomeracións, a distribución dos asistentes será homoxénea polas butacas e haberá unha planificación axeitada para controlar os accesos e o fluxo de circulación dos asistentes. Debe preverse a apertura de todas as portas dispoñibles coa antelación suficiente.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal no resto das instalacións ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física.

O uso da máscara será obrigatorio en todo momento, mesmo no caso de que se manteña a distancia de seguridade interpersoal nos termos previstos nas medidas hixiénico-sanitarias.

Nas butacas ou asentos preasignados, as persoas asistentes non poderán quitar a máscara.

Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de, polo menos, 30 minutos ao comezo e ao final de cada xornada, así como de forma frecuente durante esta e obrigatoriamente ao finalizar cada actividade. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberá aumentarse a subministración de aire fresco e non se poderá empregar a función de recirculación do aire interior.

Deberá existir un rexistro de asistentes ao evento e custodialo durante un mes despois do evento, coa información do contacto dispoñible para as autoridades sanitarias, cumprindo coas normas de protección de datos de carácter persoal.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

No caso de celebración de congresos, encontros, eventos e actos similares, se os asistentes non permanecen sentados en todo momento, solicitarase autorización á Dirección Xeral de Saúde Pública en que se comuniquen o evento, as datas, as actividades que se van realizar e as medidas concretas organizativas e de seguridade propostas para os riscos de contaxio.

En todo caso, nas actividades a que se refire o presente punto nas cales se pretenda superar as capacidades máximas previstas conforme a cada nivel de restricións, a Dirección Xeral de Saúde Pública, logo de solicitude dos titulares ou promotores da actividade, disporá a realización dunha avaliación do risco para outorgar a autorización de acordo co disposto nas «Recomendacións para eventos e actividades multitudinarias no contexto da nova normalidade por COVID-19 en España», acordado na Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. O prazo para

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	24/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

realizar a avaliación do risco será de 10 días, sen prexuízo dunha revisión de oficio posterior, se a situación epidemiolóxica así o exixe.

Durante a realización de prácticas académicas externas seguiranse as medidas de prevención establecidas polas entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións e entidades públicas e privadas.

Os intercambios internacionais realizaranse segundo a lexislación vixente.

4.3.9 Bibliotecas

O protocolo da biblioteca nos termos que sexa posible, será o mesmo que para todas as bibliotecas da UDC, recollendo os parámetros expostos polo Servizo de Biblioteca e que inclúa as directrices e recomendacións profesionais elaboradas sobre o tema, tanto nacionais como internacionais, en especial as recomendacións REBIUN para un protocolo sobre a reapertura das bibliotecas universitarias e científicas.

No acceso colocarase un cartel informativo sobre a capacidade da(s) sala(s), as recomendacións para o uso das instalación, o mantemento da distancia física, o uso de máscaras, o lavado de mans etc.

Co fin de facilitar a súa confección, o devandito protocolo debe contar como mínimo coa seguinte información:

- Medidas de hixiene.

  Dispor de dispensadores de xel hidroalcohólico para traballadores/as e usuarios, á entrada da biblioteca e nos mostradores.

- Postos de traballo.

  Garantir o mantemento da distancia de seguridade de 1,5 metros. Cando isto non sexa posible, deberán colocarse anteparos ou biombos ou establecer quendas.

  Recoméndase que cada traballador/a dispoña de equipamento e material propio. No caso de que sexa compartido garantirase a limpeza entre quendas e se o uso é compartido nunha mesma quenda dotarase dun pequeno equipo de desinfección.

- Mostradores de préstamo.

  Contarán con anteparos de separación sempre que non se poida garantir os 1,5 m de separación entre traballadores/as e clientes.

- Sinalizar o chan cunha liña de espera que non debe ser traspasada ata que ao usuario lle toque a súa quenda.

  Procederase a desinfectar despois de cada préstamo ou devolución a zona do mostrador utilizada para iso.

- Andeis.

  Evitar o contacto directo dos usuarios cos andeis onde se atopen os libros e revistas.

- Equipamento de uso público.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	25/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

O uso dos medios tecnolóxicos poderá realizarse sempre que despois de cada uso os elementos se desinfecten, o cal será indicado e contarase cun pequeno equipo de desinfección.

- Organización do persoal.

  Recoméndase que na zona de préstamo, salas e depósitos só se atope unha persoa. De non ser posible, manterase a debida distancia entre elas.

A prestación do servizo realizarase seguindo os seguintes criterios:

- Xeral

  Para acceder será obrigatorio levar máscara, lavar as mans con xel hidroalcohólico á entrada, respectar a distancia de seguridade e a capacidade máxima do local.

  Nas bibliotecas, arquivos, museos e salas de exposicións, monumentos e outros equipamentos culturais, tanto de titularidade pública como privada, situados nos concellos enumerados nas letras A, B e C do anexo II da presente orde, poderán realizarse actividades presenciais sen superar o trinta por cento da capacidade máxima permitida.

  Nos concellos enumerados na letra D (A Coruña, Ferrol e Oleiros) do anexo II da presente orde, as actividades presenciais poderán acadar unha capacidade máxima do cincuenta por cento da capacidade máxima permitida.

  Este límite de ocupación será aplicable tamén á realización de actividades culturais nestes espazos e cun máximo de ata 10 persoas en interior e 20 no exterior nas actividades de grupos, sexan ou non conviventes, excluído o monitor ou guía, e deberán establecerse as medidas necesarias para procurar a distancia de seguridade interpersoal durante o desenvolvemento da actividade, agás no caso de persoas conviventes.

  Recoméndase a cita previa, ou encargo e/ou a reserva na prestación dos servizos para evitar aglomeracións.

- Consulta en sala.

  Os usuarios deberán identificarse cando cheguen á biblioteca e informar da súa saída.

  As obras serán solicitadas polos usuarios e proporcionadas polo persoal da biblioteca. Unha vez consultadas, depositaranse nun lugar apartado durante polo menos 72 horas.

  Sinalizaranse os postos de lectura habilitados, garantindo o 1,5 m de distanciamento entre os usuarios. Nunca haberá un usuario de fronte a outro (sempre en diagonal) e esta distribución será a que nos dea a capacidade máxima da sala.

  Sempre que sexa posible, eliminarase o posto de lectura que non se vaia utilizar mediante a supresión da cadeira para evitar así a súa posible infección.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	26/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

Os/as responsables da biblioteca establecerán un sistema que asegure que, un posto ocupado durante a xornada por un usuario, non poida ser utilizado por outro ata que se proceda á súa limpeza e desinfección.

- Servizo de préstamo e devolución

  Sempre que sexa posible, priorizarase o préstamo do exemplar electrónico, fronte ao exemplar impreso.

  Tanto o préstamo como a devolución de exemplares realizarase en condicións que salvagarden a seguridade do persoal e os usuarios.

  De o permitiren as instalacións e de contar con persoal, habilitarase un mostrador para préstamo e outro para devolucións.

- Préstamo interbibliotecario

  O préstamo e devolución dos libros na biblioteca correspondente farase con cita previa.

Aos libros e outros materiais impresos que estivesen en préstamo, unha vez devoltos aplicaráselles un período de corentena de 72 horas, de modo que quedarán depositados nunha zona específica da biblioteca habilitada para este fin.

4.3.10 Cafetaría

Nos termos que sexa posible, o protocolo será o mesmo que para todas as cafetarías da UDC, e deberá cumprir a ORDE do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e súas posteriores modificacións.

Deste protocolo deberase entregar unha copia aos responsables do centro para a súa inclusión no actual documento xeral da Facultade.

Deberase proceder á limpeza e desinfección frecuente de calquera tipo de dispositivo, así como de cadeiras, mesas ou calquera outro mobiliario ou superficie de contacto que empreguen distintos usuarios.

No acceso colocarase un cartel que informará da capacidade, das recomendacións para o uso das instalacións, mantemento da distancia física, uso de máscaras, lavado de mans etc.

4.3.11 Reprografía

Nos termos que sexa posible, o protocolo será o mesmo que para todos os servizos de reprografía e deberá cumprir a Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e as súas posteriores modificacións.

Deste protocolo deberase entregar unha copia aos responsables do centro para a súa inclusión no presente documento xeral da Facultade.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	27/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

No acceso colocarase un cartel que informará da capacidade, das recomendacións para o uso das instalacións, mantemento da distancia física, uso de máscaras, lavado de mans etc.

Coordinación de actividades empresariais

Coas empresas que presten servizos nos centros ou teñan en aluguer ou cedidos espazos realizarase a coordinación de actividades empresariais relativas á existencia da COVID-19, propiciando o intercambio de información canto ás normas de prevención da infección similar ao que se realiza de xeito habitual para o traballo cotián, consistente, basicamente, en proporcionar as normas existentes no dito centro para o control da infección e asemade recoller das contratas as normas que vaian aplicar os seus propios traballadores/as.

4.4 LIMPEZA E VENTILACIÓN

Cada instalación da Facultade disporá dun protocolo de limpeza, desinfección e ventilación, que responda ás súas características e ás intensidades de uso.

A Facultade debe manter un aprovisionamento suficiente do material de limpeza para poder acometer as tarefas de hixiene reforzada a diario. Entre elas lixivia e produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade para desinfectar.

Deberán intensificarse as medidas de limpeza e desinfección das instalacións con produtos debidamente autorizados e rexistrados.

A empresa que fai a limpeza e desinfección, nestes intres Limpergal é a encargada do baleirado das papeleiras

Para atender estes aspectos seguiranse os seguintes principios:

- Prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuente (pomos das portas, mesas, portas, pasamáns, teléfonos, equipos informáticos...).
- Realizarase ao menos unha limpeza ao día de todas as zonas de uso común.
- No caso dos aseos realizarase unha limpeza mínima de tres veces diarias.
- Nos postos de traballo compartidos por máis dunha persoa, realizarase a limpeza e desinfección do posto tras a finalización o ao inicio de cada uso ou quenda.
- Todos os postos compartidos ao longo dunha xornada por máis dunha persoa contarán cun pequeno equipo de desinfección para o uso polo persoal co fin de fomentar que os propios usuarios manteñan desinfectados os obxectos e as superficies que usen.
- Os deterxentes habituais son suficientes, aínda que tamén se pode considerar a incorporación de lixivia ou outros produtos desinfectantes ás rutinas de limpeza, sempre en condicións de seguridade.
- Débese revisar polo menos diariamente o funcionamento de dispensadores de xabón, xel desinfectante, papel dun só uso, etc., e procederase a reparar ou substituír aqueles que presentaren avarías. Recoméndase dispoñer dun rexistro destas accións. Tamén se debe vixiar o funcionamento e a limpeza de sanitarios e billas de aseos.
- Débese asegurar unha correcta protección do persoal encargado da limpeza. Todas as tarefas de limpeza deben realizarse con máscara e luvas dun só uso. Para as tarefas de limpeza, é recomendable facer uso de luvas de vinilo/ acrilonitrilo. No caso de usar luvas de látex, recoméndase o seu uso sobre unha luva de algodón. O uso de luvas non é recomendable de forma xeral, mais si nas tarefas de limpeza.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	28/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- Unha vez finalizada a limpeza, e tras retirar luvas e máscara, é necesario que o persoal de limpeza realice unha completa hixiene de mans, con auga e xabón durante, polo menos, 40-60 segundos.

Respecto da ventilación, recoméndase unha ventilación periódica das instalacións. Como mínimo de forma diaria e por espazo de 10-15 minutos ao inicio e ao final da xornada e sempre que sexa posible entre clases. Recoméndase ventilar as aulas e os espazos ocupados entre quendas de clases e de traballo, saídas das reunións etc.

A ventilación dos espazos pechados nos que se realizan as actividades físicas e deportivas debe ser tamén reforzada. Deberán realizarse tarefas de ventilación nas instalacións cubertas por espazo de polo menos 30 minutos ao inicio e final de cada xornada, durante esta e obrigatoriamente 30 minutos ao finalizar cada clase ou actividade de grupo. No caso da utilización de sistemas de ventilación mecánica, deberase aumentar a subministración de aire fresco e non poderá empregarse a función de recirculación do aire interior.

Nas instalacións da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física o funcionamente da ventilación mecánica é na Piscina e se fai a través do sistema de climatización a través dun circuito tomando aire do exterior, renovando o aire, e extraendo o aire do interior cara ao exterior, de xeito permanente mentres a instalación está aberta.

O protocolo de ventilación manual do centro onde se realiza actividade deportiva será:

Exemplo
1. Ventilarase todos os espazos pechados canto menos 30 minutos antes de utilizarse.
2. Abriranse todas as portas e ventás de cada espazo durante a realización da actividade deportiva.
3. Deixaránse 30 minutos despois do seu emprego

As salas de reunións e similares poderán ventilarse cando non estean ocupadas.

Recoméndase manter a temperatura do centro entre 23 e 26º C.

É recomendable reforzar a limpeza dos filtros de aire e aumentar o nivel de ventilación dos sistemas de climatización para renovar o aire de maneira máis habitual.

De igual xeito, se o require a especifidade das instalacións de actividades prácticas, incluiranse no protocolo de limpeza e ventilar de cada una de elas as propostas necesarias para garantir a seguridade dos usuarios nos diferentes momentos.

4.5 XESTIÓNS DE CASOS

Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles coa COVID19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de gorxa, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos deberá permanecer no seu domicilio e comunicalo ao seu servizo sanitario o antes posible.

Igualmente, se existen conviventes no domicilio, deberá evitar o contacto con eles e, se é posible, usar un cuarto de forma exclusiva ata recibir instrucións do seu servizo sanitario.

Non poderán acceder ao centro educativo aquelas persoas con síntomas compatibles coa COVID-19, aquelas ás que se lles diagnosticase a enfermidade e que non finalizasen o período de illamento requirido ou aqueloutras que se encontren en período de corentena domiciliaria por contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada da COVID-19.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	29/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

Medidas específicas para casos e contactos estreitos:

As persoas que sexan consideradas caso sospeitoso ou probable de infección polo virus SARS-CoV-2, por teren infección respiratoria aguda grave con cadro clínico ou radiolóxico compatible coa COVID-19, ou que estean pendentes dos resultados de probas diagnósticas por este motivo, as que sexan consideradas como caso confirmado con infección activa e as consideradas contacto estreito dun caso sospeitoso, probable ou confirmado, deberán seguir as condicións de illamento ou corentena que lles sexan indicadas desde os dispositivos asistenciais ou de saúde pública, sen poderen abandonar o seu domicilio ou lugar de illamento ou corentena en ningún caso, salvo autorización expresa do servizo sanitario por causas debidamente xustificadas.

Establecerase un procedemento de actuación para o caso de que algunha persoa no centro universitario tivese síntomas compatible coa COVID-19 (PAS. PDI, PCP, alumnado ou calquera persoa presente no centro).

4.5.1 Procedemento de actuación

O procedemento de actuación consiste en:

- Contactar co número de atención COVID-19 da Xunta de Galicia 900 400 116 ou urxencias do Sergas 061 co fin de trasladar a posible existencia dun caso e recibir as indicacións que haberá que desenvolver.
- No caso de percibir que a persoa que inicia síntomas está nunha situación de gravidade ou ten dificultade para respirar avisarase ao 112.
- Avisarase ao responsable COVID-19 do centro para xestionar o posible caso.
- Facilitarse á persoa con síntomas unha máscara cirúrxica e outra a persoa que a acompañará de tipo FFP2 (recollerase na conserxaría ou no local habilitado para a Coivd-19, segundo proceda).
- Tomárase a temperatura á persoa con síntomas cun termómetro infravermello que estará dispoñible no centro.
- Trasladarase á persoa ao local habilitado para o seu illamento. Recoméndase que a sala conte con cubo de lixo con tapa, e a ser posible accionado con pedal, ventilación natural e debe localizarse lonxe de zonas de tránsito. Na Facultade os 2 locais localizados na aula do pavillón de usos múltiples, e na aula 13 do edificio de pavillóns, ambas sinalizadas con un cartel que indica “LOCAL COVID”.
- É necesario illar o contedor onde se depositen panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.
- Evitarase no traslado o contacto desta persoa con outras persoas da Facultade.
- De confirmarse o caso ou ter dúbidas, deberase limpar e desinfectar a sala inmediatamente e proceder a súa ventilación.
- Recompilarase a información de todas as persoas que estivesen en contacto co posible positivo co fin de que no caso de se confirmar o positivo se adopten as medidas oportunas para limitar os posibles contaxios.

4.5.2 Limpeza de locais con persoal afectado pola COVID-19

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	30/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- A persoa que realice a limpeza realizará con luvas de nitrilo dun só uso e máscara FFP2 sen válvula de exhalación.
- Con anterioridade á limpeza e durante esta, procurarase que o local estea ventilado.
- A limpeza iniciarase desde a parte máis afastada da porta de entrada cara a esta.
- Limpe primeiramente con auga e xabón as superficies de contacto frecuente.
- Utilice desinfectantes para a limpeza dos pomos das portas, superficies do baño, mesas de noite, mandos a distancia, interruptores, billas do baño, inodoros, teléfonos, teclados etc.
- Recoméndase para a limpeza de superficies papel ou material téxtil dun só uso con desinfectante e panos con desinfectante para os obxectos.
- O material utilizado que sexa dun só uso introducirase nun colector de residuos con tapa e a etiquetaxe coas advertencias precisas de ser o caso.
- Unha vez finalizada a limpeza, quitarse as luvas e a máscara depositándoos nunha bolsa que se pechará adecuadamente e refugarase co resto dos residuos.
- Realizarase unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, polo menos durante 40-60 segundos.
- A roupa da persoa que realice a limpeza deberá introducirse nunha bolsa que se pechará e despois lavarase cun deterxente de roupa normal nun programa con temperatura de polo menos 60 ºC.
- Recoméndase que o persoal que realice a limpeza dos cuartos ocupados polo persoal afectado pola COVID-19 se poida duchar no centro de traballo antes de abandonalo co fin de minimizar o risco de trasladar o virus a outras localizacións.
- O persoal de limpeza recibirá a formación adecuada para a limpeza destas áreas e para a utilización do equipo de protección individual adecuado necesario para acceder a elas.

4.5.3 Xestión de residuos caso COVID-19

Segundo as recomendacións do Ministerio de Sanidade, os residuos do persoal afectado pola COVID-19, incluído o material dun só uso (luvas, panos, máscaras), hanse de eliminar nunha bolsa de plástico (BOLSA 1) nun cubo de lixo disposto no cuarto, preferiblemente con tapa e pedal.

A bolsa de plástico (BOLSA 1) debe pecharse adecuadamente e introducila nunha segunda bolsa de lixo (BOLSA 2), á beira da saída do cuarto, onde ademais se depositarán as luvas e a máscara utilizadas polo persoal da limpeza e pecharase adecuadamente antes de saír da estancia.

A BOLSA 2, cos residuos anteriores, depositarase na bolsa de lixo (BOLSA 3) co resto dos residuos domésticos. A BOLSA 3 tamén se pechará adecuadamente.

Inmediatamente despois realizarase unha completa hixiene de mans, con auga e xabón, durante polo menos 40-60 segundos

A BOLSA 3 depositarase exclusivamente no colector establecido pola entidade local, e está terminantemente prohibido depositala nos colectores de recollida separada de calquera das fraccións (orgánica, envases, papel, vidro ou téxtil) ou o seu abandono na contorna.

4.6 XESTIÓN DE RESIDUOS NA FACULTADE

A xestión dos residuos ordinarios continuará realizándose da forma habitual, respectando os protocolos de separación de residuos.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	31/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

Recoméndase que os panos dun só uso que o persoal empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da "etiqueta respiratoria" sexan refugados en papeleiras ou contedores protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.

Todo material de hixiene persoal –máscaras, guantes etc.– debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas).

No caso de que un traballador presente síntomas mentres se atope no seu posto de traballo, será preciso illar o contedor onde depositase panos ou outros produtos usados. Esa bolsa de lixo deberá ser extraída e colocada nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.

5. REFERENCIAS NORMATIVAS E BIBLIOGRÁFICAS

- Recomendacións do Ministerio de Universidades á comunidade universitaria para adaptar o curso universitario 2020/2021 a unha presencialidade adaptada e medidas de actuación das Universidades ante un caso sospeitoso ou un positivo de COVID-19, e as súas modificacións.
- Real decreto-lei 21/2020 do 9 de xuño de medias urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19.
- Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e as súas modificacións.
- Resolución do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
- ORDE do 7 de agosto de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 nos concellos da Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Oleiros, Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, e as súas prorrogas/modificacións.
- Resolución do 20 de agosto de 2020, pola que se acorda levantar a suspensión das prácticas que se realicen en calquera centro sanitario situado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Instrucións do 30 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades de previsión de medidas de adaptación das universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2020/2021, e as súas modificacións.
- ORDE do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios.
- ORDE do 25 de febreiro de 2021 pola que se establecen as actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de hostalaría segura da Comunidade Autónoma de Galicia e súas posteriores modificacións.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	32/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- RESOLUCIÓN do 15 de abril de 2021, da Dirección Xeral de Saúde Pública, pola que se determinan os territorios para os efectos da aplicación da obriga de comunicación prevista na Orde do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios e as seguintes modificacións.
- DECRETO 77/2021, do 7 de maio, polo que se declara a perda de efectos a partir das 00.00 do 9 de maio de 2021 das medidas adoptadas pola Presidencia da Xunta de Galicia na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 28 de maio de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Nota informativa da xerencia do 14 de xuño de 2020, sobre a nova normalidade.
- Plan para a transición cara a unha nova normalidade. 28 abril de 2020.
- Guía de boas prácticas en centros de traballo para previr os contaxios da COVID-19. Ministerio de Sanidade.
- Guía de recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus. Xunta de Galicia.
- Recomendacións de protección fronte á COVID-19. Dirección Xeral de Saúde Pública. Xunta de Galicia.
- Bo uso dos equipos de protección individual en persoal esencial non sanitario. Dirección Xeral de Saúde Pública. Xunta de Galicia.
- Hixiene das mans. Salud Madrid.
- Uso adecuado das luvas sanitarias. Departamento de Saúde. Goberno Vasco.
- Plan de actuación para a reincorporación á actividade post-covid-19. Sector oficinas e asimilados. Quirón Prevención.
- REBIUN (2020) Recomendacións REBIUN para un protocolo sobre reapertura das bibliotecas universitarias e científicas.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	33/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

6. ANEXOS

- **Anexo 1. Sinais de entrada e saída**

- **Anexo 2. Circulación e respecta a dirección**



Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	34/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- **Anexo 3. Sinais e información para a atención ao publico**



ADHESIVOS CHAN

MODELO 1

MODELO 2

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ATENCIÓN AO PÚBLICO

Campaña de información coronavirus–COVID 19

DURANTE A TÚA ESTANCIA NESTE ESPAZO:

1,5 m ↔ Mantén unha distancia mínima dun 1,5 m co resto de persoas mentres esperas a ser atendido/a

2 m ↔ Garda unha distancia prudencial de 2 m co persoal do mostrador/xanela de atención



CON CARÁCTER XERAL, LEMBRA:

	No caso de sufrires unha infección respiratoria, evita o contacto próximo con outras persoas
	Procura non tocar os ollos, o nariz nin a boca e lava as mans de xeito frecuente con auga e xabón.
	Ao tusir ou esbirrar, cubre a boca e o nariz cun pano desbotables ou contra o brazo co cóbado flexionado.
061	Se notas síntomas de febre, tose ou sensación de falta de aire, contacta telefonicamente co 061.

Máis información: udc.gal/es/prl/vixilancia/coronavirus-2019-ncov

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	35/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- **Anexo 4. Carteis para o uso de aseos**

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

USO DOS ASEOS

PARA A **NON-PROPAGACIÓN** DO CORONAVIRUS E A COVID-19
E SEGUINDO AS RECOMENDACIÓNS DAS AUTORIDADES COMPETENTES:



- Capacidade máxima unha persoa nos aseos.
- Sexa responsable! Baixe a tapa do inodoro ao tirar da cisterna
- Deixe o aseo máis limpo do que o atopou.
- Non abra as fiestras se o aseo ten sistema de extracción localizada.

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

ENTRE TOD@S PARAMOS ESTE VIRUS!

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

USO DOS ASEOS

PECHA A PORTA AO ENTRAR

(porta pechada = aseo ocupado)

DEIXA ABERTO AO SAÍR

(porta aberta = aseo libre)

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

ENTRE TOD@S PARAMOS ESTE VIRUS!

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	36/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- **Anexo 5. Cartel para o uso dos ascensores**

- **Anexo 6. Carteis de información para a entrada do edificio**

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	37/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- **Anexo 7. Carteis de capacidade de edificios e de espazos**

CAPACIDADE EDIFICIO

CAPACIDADE DO EDIFICIO

PARA A **NON PROPAGACIÓN** DA COVID-19 E SEGUINDO AS RECOMENDACIÓNS DAS AUTORIDADES COMPETENTES A **CAPACIDADE** DESTE EDIFICIO É:

CAPACIDADE NORMAL _____ PERSOAS

CAPACIDADE COVID _____ PERSOAS

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN
ENTRE TODOS PARAMOS ESTE VIRUS!

CAPACIDADE DE LOCAIS (AULAS, ASEOS, SALAS DE REUNIÓNS, BIBLIOTECAS, CAFETARÍAS...)

CAPACIDADE LIMITADA

PARA A **NON-PROPAGACIÓN** DO CORONAVIRUS E A COVID-19, E SEGUINDO AS RECOMENDACIÓNS DAS AUTORIDADES COMPETENTES, A **CAPACIDADE MÁXIMA** DESTE ESPAZO É:

_____ PERSOAS

GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

ENTRE TOD@S PARAMOS ESTE VIRUS!

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	38/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- **Anexo 8. Cartel para o uso de xel hidroalcólico**

Colocáranse carteis sobre o uso do xel hidroalcólico nos dispensadores existentes, con esta información:



Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	39/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- **Anexo 9. Técnica para unha correcta hixiene de mans**

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	40/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- **Anexo 10. Uso correcto de máscaras e luvas**

O uso inadecuado das máscaras pode contribuír a un desabastecemento naquelas situacións nas que estean indicadas, e crea unha falsa sensación de seguridade que pode facer que se descoiden outras medidas esenciais, como a hixiene de mans.

O manexo correcto da máscara, cando é necesaria, é:

- Antes de poñer a máscara, lave ou desinfecte as mans.
- Axuste a máscara para que non haxa espazos entre a súa cara e a máscara.
- EVITE TOCAR a máscara mentres a usa, se o fai, lave ou desinfecte as mans.
- Cambie a máscara cando estea húmida, e non reutilice as dun só uso.
- Quite a máscara por detrás, NON toque a parte de diante, desbótea nun recipiente pechado e lave as mans.

Como usar correctamente as máscaras e as luvas
Para colocar as luvas e a máscara hai que seguir a seguinte orde e sempre lavar as mans antes de poñelas e cando se retire cada unha das proteccións: **1. Lavar as mans.** **2. Poñer as luvas.** **3. Poñer a máscara.**

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	41/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

Como poñer unha máscara

MÁSCARA CIRÚRXICA

Asegurarse de que o lado correcto queda contra a cara, habitualmente é de cor branca.

Colocar ben as bandas, segundo o modelo. Por detrás das orellas ou a banda superior pola parte da cabeza e a inferior pola parte de atrás do pescozo.

Asegurarse de que cobre boca e o nariz e de que non hai espazos entre a cara e a máscara

Cambia de máscara cirúrxica tan pronto como estea húmida e non reutilices as máscaras dun só uso.

Evita tocar a máscara mentres a usas. Se o fas, lava as mans cun desinfectante a base de alcohol ou con auga e xabón.

Para retirala faino por detrás, collendo das gomas/cintas con coidado (Ver imaxe). NON tocar a parte dianteira.

Finalmente, volve lavar as mans

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	42/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

Como poñer unha máscara

MÁSCARA FFP2 SEN VÁLVULA DE EXHALACIÓN

Coloca a máscara na palma da súa man coa parte que se coloca sobre o nariz tocando os dedos.

Agarra a máscara na palma da man, deixando que as bandas colguen sobre a man. Sosteña a máscara debaixo do queixo coa parte que se coloca sobre o nariz mirando cara arriba.

A banda superior da máscara colócase sobre a testa, descansando na área superior da parte de atrás da testa. A banda inferior colócase ao redor do colo e debaixo das orellas. Non cruce as bandas unha sobre outra.

Coloca as puntas dos dedos de ambas mans na parte superior que cubra o nariz. Desliza cara abaixo a punta dos dedos por ambos lados da zona superior que cubre o nariz (con gancho de metal ou sen el) para pegala á cara.

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	43/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

Como quitar correctamente as luvas e a máscara

1. **Retirar as luvas.**

Beliscar polo exterior da primeira luva

Retirar sen tocar a parte interior da luva

Retirar a luva na súa totalidade

Recoller a luva coa outra man

Retirar a segundo luva inserindo uns dedos por debaixo do pulso na man que aínda ten posta a luva

Tirar da luva ata que saia do revés, sen tocar a súa parte exterior

Desbotar as dúas luvas na bolsa da papeleira

2. **Lavar as mans**

3. **Retirar a máscara e refugala adecuadamente (nunha bolsa que se pechará ben)**

Non toques a parte dianteira da máscara! Pode estar contaminada!

Quita a máscara retirando primeiro a banda inferior sobre a parte de atrás da testa sen tocar a máscara e facendo o mesmo coa banda superior.

Desbota a máscara na bolsa dos refugallos. Lava as mans!

4. **Lavar as mans**

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	44/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

- **Anexo 11. Lista de comprobación da implementación do protocolo**

		SI	NON	NP
1.	Conta o centro con responsable COVID?	**X**		
2.	Mantense unha distancia de polo menos 1,5 metros entre as persoas en todos os espazos do centro (aulas, laboratorios, seminarios, sala de reunións, despachos...)?	**X**		
3.	Hai información dispoñible (colocación de carteis de capacidade máxima) no centro sobre a capacidade máxima do centro e dos distintos espazos que ten (aulas, bibliotecas, sala de reunións...)?	**X**		
4.	Contrólanse as persoas que acceden ao edificio para non superar a capacidade máxima do mesmo?	**X**		
5.	Habilitáronse portas de saída e entrada diferenciadas cos seus sinais correspondentes?	**X**		
6.	Ordenáronse as entradas e saídas ao centro (centro, aulas, sala de reunións...) cumprindo a distancia de seguridade interpersoal de polo menos 1,5 metros e a circulación das persoas no interior do centro está organizada para cumprir con ese requisito?	**X**		
7.	Reestruturáronse os distintos espazos do centro (aulas, laboratorios, sala de xuntas etc.) para cumprir co requisito de distancia de seguridade de 1,5 m e colocouse a información da capacidade máxima permitida nos diferentes espazos?	**X**		
8.	Organizáronse os itinerarios de corredores, aulas, escaleiras e outros espazos do centro, con indicación da circulación para evitar aglomeracións e o cruzamento entre persoas?	**X**		
9.	Os ascensores do centro están sinalizados para un uso limitado?	**X**		
10.	Realizáronse accións para diminuír a concorrencia de persoas en todos os espazos do centro universitario?	**X**		
11.	Tomáronse as medidas de prevención/protección necesarios nos lugares de atención ao publico?	**X**		
12.	Sinalizáronse tales medidas con carteis informativos e adhesivos no chan?	**X**		
13.	Contan todos os aseos do centro con dispensadores de xabón e papel para o secado de mans, ou no seu defecto xel hidroalcohólico? Contan coas súas instrucións de uso?	**X**		
14.	Hai información dispoñible sobre o uso obrigatorio de máscara hixiénica?	**X**		
15.	Hai información dispoñible sobre a hixiene correcta das mans, a etiqueta respiratoria e o uso de luvas?	**X**		

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	45/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		

16. O centro dispón dun procedemento de actuación no caso de que algunha persoa no centro universitario teña síntomas compatible da COVID-19?			
17. O centro dispón dun local para illar unha persoa no caso de presentar síntomas COVID-19?			
18. O centro dispón dun protocolo de limpeza e ventilación coas recomendacións do Ministerio de Sanidade?			
19. O centro conta coa formación e información para o cumprimento das medidas preventivas?			
20. Asegurase que todas as persoas traballadoras ten permanentemente a súa disposición no lugar de traballo auga e xabón, ou xeles hidroalcohólicos para a limpeza de mans e desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade para a desinfección do material de uso habitual?			
21. O centro ten asegurado que o persoal dispón de equipos de protección adecuados ao nivel de risco cando non poida garantirse a distancia interpersoal de 1,5 metros			
22. Colocáronse dispensadores de xel hidroalcohólico no centro e están sinalizados?			
23. O centro dispón de material de limpeza suficiente para acometer as tarefas de hixiene reforzada?			

Código Seguro De Verificación	StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Decano/a Facultade de Ciencias Do Deporte e a Educación Física - Rafael Martín Acero	Asinado	03/06/2021 16:34:47
Observacións		Páxina	46/46
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/StW/z7HIN1dYgRj+EuDYWA==		